

4.3.

prestacións económicas

Á HORA DE ABORDA-LA análise das prestacións económicas, o estudio divídese en tres bloques. Nunha primeira parte, abórdase o estudio dos beneficiarios e o importe medio das pensións contributivas, para analizar posteriormente a situación das pensións non contributivas, das pensións por desemprego e da renda de inserción social (Risga).

Para a realización da análise das prestacións económicas utilizarémo-los datos facilitados polo Ministerio de Trabajo y Asuntos Sociales, do INEM e da Consellería de Sanidade e Servicios Sociais.

O punto de partida do estudio recollido neste apartado é o **cadro C.4.6.** (*Resumo das prestacións 2000-01: beneficiarios e importe medio segundo tipo de cobertura*), no que se amosa un resumo dos datos de beneficiarios e o importe medio dos diferentes tipos de protección.

Pensións contributivas

O número medio (anual) de beneficiarios en Galicia que no ano 2001 cobraba algún tipo de pensión da Seguridade Social ascendeu a 673,9 miles de persoas, cun importe medio de 413,00 euros. O número de pensións en Galicia rexistrou unha medra respecto ó ano 2000 similar á do conxunto do estado, 1,0%, polo que a importancia relativa das mesmas no total estatal permanece constante no 8,8%.

Ó igual que no ano anterior, Galicia é a quinta comunidade con maior número de pensións, sendo superada por Cataluña, Andalucía, Madrid e C. Valenciana. No ano 2001 Galicia segue sendo a Comunidade Autónoma co importe medio máis baixo (413 euros en 2001 fronte ás 392 euros do ano anterior), e continúa medrando o diferencial co importe medio estatal: 76,4 euros inferior en 2000 e 81,5 euros menos no ano 2001.

Desagregando o estudo segundo os diferentes tipos de pensións, o **cadro C.4.7.** (*Pensións da Seguridade Social nas CC.AA. 2000-01: beneficiarios e importe medio segundo clase de pensión*) reflicte o descenso do número de pensións de incapacidade permanente dende as 58,0 miles de pensións de 2000 ata as 57,7 miles de pensións do ano 2001. En canto ó seu importe medio, este ascendeu ata as 480,8 euros, 90,4 euros inferior á media estatal, sendo a terceira comunidade co importe medio máis baixo, por diante de Murcia, con 458,5 euros, e Extremadura, con 460,3 euros.

Respecto ás pensións por xubilación e viuvez, estas ascenderon a 428,2 e 162,8 miles de pensións, respectivamente, o que representa o 9,4% do total das pensións de xubilación de España e o 8,0% das pensións de viuvez. Os seus importes medios son os máis baixos do estado con 462 e 291,3 euros, respectivamente.

4.

O problema do baixo importe medio das pensións galegas en comparación coas outras comunidades agrávase polo feito de que segue aumentado o diferencial coa media estatal no caso da incapacidade permanente, xubilación e viuvez. No primeiro caso o diferencial respecto ó ano 2000 medra en 2,7 euros, pasando de 87,7 euros menos a 90,4 euros menos; medra en 6,7 euros no caso das pensión de xubilación, pasando de 96,3 euros menos en 2000 a 103 euros menos no 2001; e aumenta en 3,2 euros no caso das pensións de viuvez, pasando de 54,3 euros menos a 57,5 euros menos. No caso das pensións por orfandade e favor familiar o diferencial con respecto á media española se reduce, sedo 9,1 euros inferior á media no ano 2000 e de 6,8 euros no ano 2001.

Pensións non contributivas

Tal e como reflicte o **cadro C.4.8.** (*Pensións non contributivas nas CC.AA. 2000-01: beneficiarios*), o número total de beneficiarios das pensións non contributivas creceu en

Galicia un 1,6% no ano 2001 respecto ó ano anterior, sendo este crecemento 0,6 puntos porcentuais inferior ó experimentado polo conxunto do estado. Galicia é a terceira comunidade con maior número de beneficiarios, con 53.483 beneficiarios (o 11,1% do total de beneficiarios en España), despois de Andalucía e Cataluña, con 105.912 e 58.193 beneficiarios, respectivamente.

Tendo en conta os dous tipos de pensións non contributivas, as de invalidez e as de xubilación, o devandito **cadro C.4.8.** amosa que o 41% do total de beneficiarios corresponde ás primeiras, e o restante 59%, a pensións de xubilación. Comparado co ano anterior, o devandito cadro amosa o descenso da importancia relativa das pensións de invalidez no total estatal (descenden un 18,3% fronte ó 15,4% do total estatal) e o aumento do peso relativo das pensións de xubilación, que medran un 22,5% fronte ó 20,8% do conxunto do estado (este forte incremento explícase polo feito de que a partires de xaneiro de 2001, os beneficiarios de pensións de invalidez, con 65 ou máis anos, pasan a percibi-la pensión de xubilación).

Co incremento destas pensións non contributivas continúa a redución do número de beneficiarios de prestacións sociais e económicas da Lei de Integración Social dos Minusválidos (Lismi) e das pensións asistenciais. No primeiro caso, como reflicte o **cadro 4.3.2.**, rexistrouse un forte descenso do número de beneficiarios, que no caso galego, baixou un 24,5% respecto a 2000, sendo comunidade onde máis descende o número de beneficiarios destas prestacións.

O número de beneficiarios destas prestacións en Galicia ascendeu no ano 2001 a 5.214, sendo a súa importancia relativa no conxunto de España do 5,2% (o 6,1% en 2000).

En relación ós beneficiarios das pensións asistenciais, o **cadro 4.3.4.** amosa un descenso dos mesmos nun 40,7% respecto ó

CADRO 4.3.1.

Beneficiarios das prestacións sociais e económicas da LISMI e das pensións asistenciais nas CC.AA. 2000-01

	LISMI			Pensións asistenciais		
	2000	2001	01/00	2000	2001	01/00
	(en medias anuais)		(%)	(en medias anuais)		(%)
Andalucía	20.816	18.575	-10,8	24.844	22.326	-10,1
Aragón	3.106	2.796	-10,0	477	372	-22,0
Asturias	4.293	3.812	-11,2	616	471	-23,5
Baleares	1.137	1.016	-10,6	1.063	874	-17,8
Canarias	1.181	1.041	-11,9	7.297	6.290	-13,8
Cantabria	1.812	1.627	-10,2	415	355	-14,5
Castela-A Mancha	7.876	7.086	-10,0	4.061	3.508	-13,6
Castela e León	12.136	10.728	-11,6	3.963	3.104	-21,7
Cataluña	11.004	9.995	-9,2	4.299	3.305	-23,1
C. Valenciana	10.385	9.229	-11,1	6.597	5.654	-14,3
Extremadura	8.588	7.564	-11,9	3.001	2.587	-13,8
Galicia	6.905	5.214	-24,5	2.290	1.357	-40,7
Madrid	8.144	7.297	-10,4	5.916	4.946	-16,4
Murcia	13.543	12.144	-10,3	2.057	1.683	-18,2
Navarra	-	-	-	510	431	-15,5
País Vasco	-	-	-	-	-	-
A Ríoxa	653	594	-9,0	76	56	-26,3
Ceuta e Melilla	1.422	1.281	-9,9	576	474	-17,7
Total	113.001	99.999	-11,5	68.058	57.793	-15,1
G/E (%)	6,1	5,2		3,4	2,3	

Fonte: Ministerio de Trabajo y Asuntos Sociales

CADRO 4.3.2.

Beneficiarios das prestacións por desemprego 2000-01**2000**

	Beneficiarios		
	Contributiva	Subsidio	Total beneficiarios
	(media)		
A Coruña	14.379	12.279	26.658
Lugo	3.012	3.715	6.727
Ourense	3.176	5.319	8.495
Pontevedra	10.544	10.168	20.712
Total	31.111	31.481	62.592

2001

	Beneficiarios			
	Contributiva	Subsidio	Renta Activa de Inserción	Total beneficiarios
	(media)			
A Coruña	13.604	12.152	535	26.291
Lugo	3.397	3.372	180	6.949
Ourense	3.347	4.952	291	8.590
Pontevedra	11.980	9.864	421	22.265
Total	32.328	30.340	1.427	64.095

Fonte: Ministerio de Trabajo y Asuntos Sociales

CADRO 4.3.3.

Risga e Axudas de Emerxencia Social 2001: beneficiarios e presupostos

	Beneficiarios		Importe total executado	
	Risga	AES	Risga	AES
(en miles de €)				
A Coruña	1.887	479	5.671,5	363,2
Lugo	453	297	1.403,9	253,2
Ourense	447	322	1.264,5	325,3
Pontevedra	1.570	733	4.958,1	459,7
Total	4.357	1.831	13.298,0	1.401,4

Fonte: Dirección Xeral de Servizos Sociais

CADRO 4.3.4.

Resolución das solicitudes presentadas á Risga e ás AES 2000-01

	2000	2001		
	totais	totais	Risga	AES
solicitudes a resolver	4.318	4.470	2.350	2.120
presentadas no ano	3.898	4.064	2.085	1.979
pendientes do ano anterior	420	406	265	141
solicitudes resoltas	3.912	4.173	2.175	1.998
solicitudes present. / resoltas (%)	90,6	93,4	92,6	94,2
solicitudes desestimadas	1.276	1.056	531	525

Fonte: Dirección Xeral de Servizos Sociais

CADRO 4.3.5.

Risga e Axudas de Emerxencia Social 2000-01: solicitudes rexistradas

	Risga		Axudas de emerxencia social	
	2000	2001	2000	2001
A Coruña	834	817	574	565
Lugo	220	242	247	272
Ourense	242	232	347	374
Pontevedra	752	871	682	748
Total	2.048	2.162	1.850	1.959

Fonte: Dirección Xeral de Servizos Sociais

ano 2000, pasando de 2.290 beneficiarios en 2000 ós 1.357 beneficiarios do ano 2001. O peso relativo destes beneficiarios no conxunto estatal descende do 3,4% de 2000 ó 2,3% do ano 2001.

Prestacións por desemprego

Como reflicte o **cadro 4.3.2.**, o número total de beneficiarios por prestacións de desemprego, a diferenza do acontecido no ano anterior, medra no ano 2001 en Galicia acadando as 64,1 miles de persoas, o que supón un crecemento do 2,4% respecto ó ano precedente.

Respecto ó tipo de prestación, un 50,4% dos beneficiarios cobrou as prestacións de nivel contributivo, correspondendo o 47,3% a beneficiarios de prestacións de nivel asistencial. As prestacións de nivel asistencial corresponden ó 75% do salario mínimo interprofesional, que para 2001 foi de 433,45 euros ó mes.

Atendendo á distribución provincial, o **cadro 4.3.2.** amosa que a provincia de A Coruña é a que abrangue o maior número de beneficiarios, con 26.291 persoas. Asemade, foi a única provincia que experimentou un descenso no número de beneficiarios de pres-

tacións por desemprego (367 beneficiarios menos que en 2000). Por detrás, séguelle Pontevedra con 22.265 persoas, 1.553 máis que no ano 2000, e finalmente Ourense e Lugo con 8.590 e 6.949 beneficiarios, respectivamente (95 e 222 beneficiarios máis).

A taxa de cobertura bruta das prestacións por desemprego, **cadro C.4.9.** (*Beneficiarios de prestacións por desemprego e paro rexistrado 2000-01*), que mide a relación entre perceptores e o paro rexistrado, acadou en Galicia no ano 2001 o 48,54% fronte ó 46,19% do ano anterior, sendo no conxunto do estado do 56,61%. A provincia de Ourense segue a se-la provincia coa taxa de cobertura máis elevada, acadando o 52,35%.

O devandito **cadro C.4.9.** reflicte un aumento da relación entre beneficiarios das prestacións contributivas e o paro rexistrado, que pasa do 22,96% de 2000 ó 24,48% do ano 2001, descendendo a relación entre beneficiarios de nivel asistencial e o paro rexistrado, que pasa do 23,23 do ano 2000 ó 22,98 de 2001.

Renda de inserción social

O número de beneficiarios no ano 2001 da Risga ascendeu a 4.357 beneficiarios, 201 beneficiarios máis que no ano 2000, das que o 68% eran mulleres. Tendo en conta que esta renda beneficia á unidade familiar, e que esta está formada por unha media de tres persoas, o número de beneficiarios desta renda de integración ascendeu no ano 2001 a 13.071 galegos.

O perfil dos perceptores da Risga é dunha muller de 25 a 34 anos de idade, separada, que vive coa súa familia propia nuclear.

O **cadro 4.3.3.** reflicte que o importe total executado no caso da Risga ascendeu a 13.298 miles de euros, cando no ano anterior o presuposto ascendera a 12.669,4 miles de euros.

No ano 2001, das 2.350 solicitudes a resolver (265 delas, pendentes do ano anterior), foron resoltas 2.175 solicitudes (1.644 estimadas e 531 denegadas), polo que a porcentaxe de resolución foi do 92,6%.

No concernente ás axudas de emerxencia social, investiuse un total de 1.401,4 miles de euros, dos que se beneficiaron 1.831 persoas. Ó longo do ano 2001 houbo un total de 2.120 solicitudes a resolver (141 pendentes do ano anterior), das que foron resoltas 1.998 solicitudes (1.473 estimadas e 525 denegadas), é dicir, o 94,2%. ■

